


# INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA 2021-22

**(E REFORMADA SEGUNDO DIRECTRICES DA NOVA ORDE DE AVALIACIÓN LOMLOE)**

**FeQ**

**2ºESO**

| **PROFESOR** | **Mª Cristina Trillo Pereira** | | |
|---|---|---|---|
| **CONTIDOS** | 1º TRIMESTRE<br>-A materia e a medida<br>-Estados da materia<br>-Diversidade da materia | 2º TRIMESTRE<br>-Cambios na materia<br>-Forzas e movementos<br>-As forzas na natureza | 3º TRIMESTRE<br>-A enerxía<br>-Temperatura e calor<br>-Luz e sonido |

**CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación**

- Probas obxectivas (exames): **65%**
- Proba de comprensión lectora (análise de texto científico): **5%**
- Traballos de investigación (rúbrica): **5%**
- Iniciativa: **5%**
- Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): **20%**

- Haberá 2 exames por avaliación. A nota global das probas obxectivas será a media aritmética dos 2 exames.
- Será obrigada a entrega de 1 traballo con exposición incluída. O alumnado decide cando o entrega. Non obstante de forma voluntaria pode optar por entregar 1 en cada avaliación.
- Cando non se entregue nada de traballo nin de iniciativa, a porcentaxe de nota que lles correspondería acumularase ao apartado de OBSERVACIÓN DIARIA.
- Copiar nun exame implica ser cualificado cun "cero" nesa proba.
- Para obter a nota do boletín en cada avaliación procederase a un redondeo final, despois de aplicar todas as ponderacións correspondentes, a partir de 50 centésimas de punto.
- Os indicadores de logro das rúbricas empregadas na corrección de traballos serán entregados e explicados ao alumnado ao principio de curso.
- Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, dentro das 2 semanas posteriores á finalización do trimestre suspendido. Esta proba só permite conducir a unha nota final de recuperación no exame de 5 ou, como moito, de 6 se a realización da proba é excelente (>7). A suma das ponderacións dos outros aspectos avaliables determinará se acadou o 5 MÍNIMO para conseguir o aprobado na avaliación.
- A nota final do curso será a media das obtidas nas 3 avaliacións. Para o cálculo desta media teranse en conta as notas das probas realizadas durante todo o curso SEN REDONDEAR.
- Despois da 3ª avaliación, desde o 6 ao 22 de xuño de 2022, os que suspendan a materia terán que traballar as partes suspensas para intentar demostrar que acadaron os mínimos, o cal se fará constar na avaliación FINAL a celebrar despois do 22 de xuño. Os que xa obtiveran cualificación positiva no global do curso despois da 3ª avaliación empregarán este tempo para reforzar ou ampliar diferentes aspectos do currículo.

| | |
|---|---|
| **PLAN DE LECTURA** | • Farase unha proba de comprensión lectora que suporá 0,5 ptos dos 10 totais.<br>• Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas:<br>-“los niños en la cocina”-Hervé This.<br>-“¿Por qué el cielo es azul?: La ciencia para todos”-Javier Fernández Panadero.<br>-“El origen del Universo”-Lucy&Stephen Hawking.<br>-“La clave secreta del Universo”- Lucy&Stephen Hawking. |
| **TIC** | • O traballo coas ferramentas TIC será diaria ao estar o centro na plataforma dixital EDIXGAL |
| **ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES** | • Tratarase de facer polo menos 1 saída ao longo do curso relacionada coa ciencia, ou cos procesos físicos ou químicos que nos rodean, aínda que todo estará supeditado ás circunstancias do momento relacionadas coa situación de pandemia mundial.<br>• Intentarase desenvolver algunha actividade relacionada co tema propio do centro no curso 2021-22: O MAR, dándose un enfoque propio desde esta materia. |